

24 de febreiro, Día de Rosalía

OS
ES
R
E
G
N
O
S



RosalíaTe

Concurso de videopoemas

Universidade de Vigo



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal

Área de
Normalización
Linguística

Vicerreitoría
do Campus
de Ourense

Biblioteca
Rosalía de
Castro

Facultade
de Ciencias
da Educación



Universidade de Vigo



RosalíaTe

Concurso de videopoemas

A comunidade universitaria do Campus de Ourense promove a iniciativa 'RosalíaTe' co obxectivo de transmitirlle á sociedade a importancia da figura de Rosalía de Castro no ámbito sociocultural da nosa terra.

'RosalíaTe' é un concurso no cal as persoas que desexen participar deben cumprir as seguintes bases.

Bases

- Poderá presentarse calquera persoa pertencente á comunidade universitaria da Universidade de Vigo de xeito individual ou colectivo, e só pode enviar un traballo.
- A peza que se presentará consistirá nunha videogravación feita co teléfono móbil na cal se recite un pequeno fragmento ou estrofa dun poema de Rosalía.
- A duración da videogravación non excederá os 20 segundos.
- O fragmento elixido e a temática da videogravación é totalmente libre.
- Os arquivos deben enviarse a culturavicou@uvigo.es e o enderezo electrónico do remitente será o identificador de cada un dos traballos presentados. No corpo do correo electrónico debe indicarse o número de teléfono para facilitar o contacto coa persoa gañadora e coas seleccionadas, así como o título do poema e da obra de Rosalía da que foi extraído.

- O xurado será nomeado pola Vicerreitoría do Campus de Ourense e entre os seus membros debe haber algún con formación no ámbito audiovisual.
- Os premios consistirán en lotes de libros, de discos e de elementos publicitarios do Campus de Ourense.
- O xurado seleccionará os traballos pola súa calidade, orixinalidade e capacidade para visualizar as partes da obra de Rosalía menos populares. Os traballos seleccionados incluíranse nun audiovisual que se presentará o 24 de febreiro nas instalacións da Biblioteca Rosalía de Castro e se exhibirá posteriormente na páxina web da Vicerreitoría e nas redes sociais.
- Quen participe no concurso dá o seu consentimento para que, de ser o caso, o seu traballo forme parte do citado audiovisual sen ningún tipo de compensación.
- Os traballos poden enviarse ata o día 21 de febreiro de 2017.
- A decisión do xurado será inapelable e, se así o considera, poderá deixar deserto o premio.

Condicións técnicas

- O vídeo gravarase cun móbil coa maior resolución posible.
- Gravarase **sempre** en horizontal.
- Formatos aconsellados: mp4, mov, mpg, avi e wmv.
- Gravarase un plano fixo, sen facer zoom nin movementos bruscos.
- Pódese gravar en cor ou en branco e negro.

Suxestións creativas

- A montaxe deste videopoema busca reflectir, dende propostas creativas e diversas, o universo lírico e paisaxístico da obra de Rosalía de Castro. Neste sentido, animamos a que as achegas recollan elementos visuais propias da súa obra ou que se refiran a ela, dende calquera punto de vista.
- Sería interesante, ademais, que as achegas recolliesen tamén o patrimonio natural e cultural do Campus de Ourense.
- Para incidir na accesibilidade universal e a integración social, pode resultar suxestivo incluír a linguaxe de signos ou a escrita nas achegas. Por exemplo, escribir algunha palabra ou verso en cartolinas que sexan lexibles ou nalgunha parte do corpo (véxanse os enlaces).
- Nas achegas pode aparecer máis dunha persoa compartindo a estrofa seleccionada en parella ou en grupo.
- Animámosvos a que experimentedes con planos distintos; por exemplo, sen mirar directamente a cámara ou empregando imaxes suxestivas sen necesidade de aparecer no vídeo.

Enlaces

<https://www.youtube.com/watch?v=BpxMaq6TLBI>
<https://www.youtube.com/watch?v=MGxjIBEZvx0>
<https://www.youtube.com/watch?v=F5l7OobYDgs>
<https://www.youtube.com/watch?v=MFVjizGw8K0>
<https://www.youtube.com/watch?v=8duFe1jBfAI>